



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

Documento informativo

atom
access to memory



DataLib
Servicios Documentales

AtoM é un software de código aberto baseado en web para a descrición arquivística e a súa difusión segundo as normas do CIA (Consello Internacional de Arquivos). Na súa orixe, esta iniciativa enmarcouse dentro dun programa del CIA con financiación da Unesco.

AtoM é un software libre resultado da colaboración de varios programas de diferentes institucións internacionais. A primeira versión estable non beta liberada do software foi no ano 2010 e a última de abril de 2021.

Tras desvincularse do proxecto o CIA, o peso do desenvolvemento da aplicación lévao a empresa canadense Artefactual Systems (<https://www.artefactual.com/>) e conta co apoio dunha ampla comunidade de usuarios. Actualmente, existe a Fundación AtoM (<https://acesstomemoryfoundation.org/>) para realizar novas versións do programa. Como membro desa Fundación está a empresa galega DataLib Servizos Documentais.

O obxectivo básico do proxecto AtoM é de proporcionar software libre e de código aberto que permita ás institucións facer accesibles os seus fondos a través de Internet; cre descricións arquivísticas de acordo ás normas do CIA; proporcione interfaces multilingües e funcións de tradución de contido; soporte múltiples tipos de formato de arquivos; estea totalmente baseado en web, que sexa doado de empregar e cumprir as mellores prácticas de accesibilidade; sexa flexible e personalizable; que se adapte a institucións grandes e pequenas por igual; e soporte a integración dun ou de varios repositorios.

A xeito de resumo, as características básicas que ofrece o software AtoM son as seguintes:

1. Permitir ás institucións publicar os seus fondos en Internet.
2. Xestionar as descricións arquivísticas de acordo coas normas do ICA.
3. Proporcionar interfaces multilingües.
4. Soportar múltiples tipos de formato de arquivos.
5. Estar totalmente baseado en web, doado de usar e cumprir as mellores prácticas de accesibilidade.
6. Ser flexible e personalizable.
7. Adaptarse a institucións grandes e pequenas por igual.
8. Soportar a integración dun ou de varios repositorios.
9. Ser un software libre sen pago de licenzas anuais.
10. Unha ampla comunidade de usuarios e a Fundación AtoM garanten a continuidade do proxecto e as súas actualizacións.
11. Uso das normas arquivísticas internacionais do ICA: ISAD(G), ISDIAH, ISAAR(CPF) e ISDF.
12. Doado de usar e de difundir, ao ser en entorno web.
13. Totalmente parametrizable e personalizable.
14. Facilitade de importación de arquivos existentes en formatos CSV, XML e SKOS.

15. Posibilidade de exportación en formatos EAD 2002 XML, EAC, Dublin CORE 1.1 XML e SKOS.
16. Soporta el Protocolo (OAI-PMH) de recolección de metadatos entre repositorios.
17. Control total de usuarios.
18. Permite facer visible o arquivo e os seus fondos cun control total da política de difusión deses fondos.

Dende o punto de vista puramente técnico, a base tecnolóxica de AtoM é moi sólida, xa que se basea nun potente framework de desenvolvemento (Symfony) que funciona sobre NGINX (recomendado, aínda que está testado con éxito noutros, como Apache), MySQL e PHP. O desenvolvemento técnico de AtoM corre a cargo da empresa canadense Artefactual Systems, responsable tamén do soporte á comunidade de usuarios.

A páxina do proxecto AtoM é a seguinte: <https://www.accesstomemory.org/es/>